




Área / Unidade CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI02F3	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/6733/2026 16/04/2026
Código de verificación  2F4N 1S1Z 485A 3R58 1529	Expediente 741/2026/1063	
	Fecha 15-04-2026	

## ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

### RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI02CK de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 15.04.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** DECLARAR CADUCADO o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co núm. 107, departamento 29º, ringleira 2ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro (expediente 741/2023/213), iniciado por resolución de núm. RES/AYT/4934/2023 do 14.03.2023, por non ser resolto e notificada a resolución no prazo máximo legalmente establecido; de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**SEGUNDO:** INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 107, departamento 29º, ringleira 2ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a María del Carmen Pérez de Touriño (falecida) e José Souto Vázquez (falecido) polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 25 de outubro de 2007.

**TERCEIRO:** OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

**Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a**



## **exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.**

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández  
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)